



Guía de recursos faunísticos, extinguidos e por extinguir, das terras da Estrada

Damián Porto Rico
damianportonaturgalicia@gmail.com

Resumo. Aproximarémonos nas seguintes liñas á presenza, no pasado e no presente, de varias especies animais de interese nas terras do concello da Estrada e analizaremos algunhas das posibilidades de futuro que pode ter este patrimonio faunístico para o desenvolvemento sostible da zona se conseguimos preservar a súa (xa moi degradada) biodiversidade.

Abstract. In this article we will come close to the past and present existence of several important animal species in A Estrada city council and we will analyze some of the future possibilities that this fauna heritage can have for the sustainable development in this area if we are able to preserve its biodiversity, already very degraded.

E quedándonos a Terra non nos mataban a posibilidade de revivir, porque a Terra é a fonte da vida. Ela fainos á súa semellanza, con terra, pedra e auga, que son carne, óso e sangue do noso corpo. Ela fainos entristecer no outono, chorar no inverno, sorrir na primavera e gargallar de ledicia no verán.

CASTELAO, Sempre en Galiza

Anotacións xeográficas e bioclimáticas

Estaría ben comenzar este percorrido pola fauna máis singular das nosas terras poñéndonos en situación cunhas breves consideracións e notas xerais sobre conceptos básicos como a fisiografía, a edafoloxía, a xeomorfoloxía e a xeoloxía da zona; consumiríamos nelo uns preciosos recursos de tempo e espazo en detrimento do verdadeiramente interesante e non fariamos senón “refusilar” os datos extractados dos libros de síntese desas materias nos PXOUMs ou nos omnipresentes informes de impacto medioambiental que, dun tempo a esta parte, fan comedia o noso dereito a desfrutar unha natureza digna.

Así que, a modo de apuntamentos, baste dicir que o concello da Estrada atópase no denominado Macizo Arcaico, asentado sobre materiais fundamentalmente do Paleozoico. A grandes liñas:

Na parte noroeste, correspondente ao monte Xesteiras, e na parte suroeste cos montes de Arca, Codeseda e Cregos, con rochas tradicionalmente ácidas. Aínda que no noroeste existe tamén un enclave de rochas hercínicas preosíncinematícas alcalinas. O relevo xeral caracterízase pola súa accidentalidade, destacando nel numerosas serras de baixa cota como as dos montes Xesteiras, San Sebastián, de Zo e Arca e de Souto, de distinta orientación, con vales estreitos nas súas partes iniciais polos que discorren principalmente afluentes do Ulla e do Umia.

O cumio do monte Xesteiras, con 750 metros, e os seus adxacentes marcan o linde noroccidental do concello cos de Cuntis e Pontecesures, en dirección norte-sur.

Na parte máis occidental atópanse os montes de Zo e Arca, ca súa máxima elevación no Cabalar, de 610 metros, onde nace o río Liñares. Tamén son de dirección predominante norte-sur.

Na zona sur e sueste están os montes de Souto e Casetas, cas súas cotas máis altas no Cregos (777 metros) e Cádavo (806 metros), lindando con Cuntis, Cerdedo e Campolameiro. A dirección predominante desta cadea é a nordeste-suroeste.

Na zona nororiental aparecen os montes do San Sebastián e Vinseiro, con cumio no San Sebastián, de 750 metros de altura sobre o nivel do mar e fronteirizo cos concellos de Forcarei e Silleda. A dirección é a norte-sur.

O substrato é de granito hercínico e prehercínico, de orixe Terciaria e con procesos erosivos predominantemente fluviais, que xeneraron chans ácidos, con horizontes pouco evolucionados e, en xeral, de boa drenaxe (ránkers atlánticos, fluvisolos e tamén algunhas turbeiras).

A maior parte do territorio está enclavado no denominado piso colino (0-500 metros) da rexión Eurosiberiana, e goza dun ombroclima de tipo oceánico hiperhúmido (máis de 1500 milímetros anuais de precipitación, temperatura media de 12º C, xeadas invernaís...). Estas condicións climáticas determinan que as agrupacións vexetais

se correspondan cas fragas ou bosques caducifolios pluriespecíficos, nos que predomina o carballo (*Quercus robur*) acompañado de castiñeiros (*Castanea sp.*), bidueiros (*Betula sp.*), acivros (*Ilex aquifolium*)... Así a formación fitoclimática ideal da maioría da zona sería a carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), eminentemente colina, en ombroclima hiperhúmido, cun período de seca estival non pronunciado. Sen detrimento doutras formacións con especies de folla esclérofila como a sobreira (*Quercus suber*) que aparecen en partes do val baixo do Ulla, indicativas dunha influencia do clima mediterráneo e clasificadas como *Rusco-Quercetum roboris* *subsoc. Quercetum suberis*. Ou os bosques de ribeira ou galería (*Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae* e *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae subassoc. Betuletosum celtibericae*), actualmente reducidos a estreitas faixas ás beiras dos cauces dos ríos, debido á transformación desas terras en cultivos agrícolas.

Porque chegados aquí, debemos dicir que non queda ningún lugar no concello da Estrada nin nas cercanías que deixara de sufrir o impacto ou a influencia do home no seu desenvolvemento. Noutras palabras: non hai ningún sitio virxe, e o que vemos hoxe é un ecosistema fragmentado, deteriorado e trastocado polas accións antrópicas. Isto é algo que convén clarexar desde agora: así, cando contemplamos unha carballeira non estamos diante dunha masa arbórea atlántica primixenia en estado puro, senón ollando unha masa forestal modificada en maior ou menor medida e a conveniencia, ao longo do tempo, polos poboadores do territorio, que son o elemento máis poderoso de desequilibrio do ecosistema.

Encontrámonos no epílogo dun proceso de evolución e transformación do medio que comenzou cando os primeiros homes e mulleres da zona deron o paso definitivo cara ao neolítico, cunha nova forma de utilizar os recursos que ofertaba a natureza para obter dela, de forma innovadora, a enerxía precisa para vivir mediante a agricultura e a gandería, procedendo a deforestar as masas arbóreas de frondosas que chegaban incluso ás partes máis elevadas: paseniñamente foise configurando un novo hábitat, o do aproveitamento agrosilvopastoril, deixando fóra de combate a capacidade de reacción que tiña o ecosistema primixenio para rexenerarse.

Sobreviñeron usos do chan que –axudados pola ferramenta do lume– orixinaron unha forte erosión, sobre todo nos lugares en que as pendentes eran maiores, como as ladeiras dos montes. Con isto, os bosques atlánticos primitivos deron paso a outras especies que ocupan hoxe o seu lugar, e temos así grandes zonas de uceiras e toxeias (tamén cultivadas noutrora) nas cotas máis elevadas da comarca: os estudos de climatoloxía histórica califican o período que vai entre o ano 1450 e o 1850 como de consolidación da paisaxe arbustiva en Galicia.

Outra gran mudanza recente chegou ca introdución abusiva de cultivos forestais foráneos, fundamentalmente piñeiros (*Pinus pinaster* e *Pinus radiata*, sobre todo) e eucaliptos (*Eucalyptus sp.*), non asimilables en modo algún a un bosque ou a unha masa forestal, senón a unha plantación monoespecífica e pirófila (como tal debería ser tratada), que de novo socavou a nosa xa depauperada riqueza ecolóxica e paisaxística, encarreirando e limitando ademais a economía forestal local a producións de baixo valor como a pasta de papel e a madeira para serra.

Co desenvolvemento das actividades industriais e co uso e integración de vehículos a motor, o ecosistema vultou a cambiar, a deformarse e a fragmentarse con barreiras artificiais, asentamentos fabriles mal regulamentados, verquidos contaminantes...

Se ao anterior sumamos as mudanzas das últimas décadas na agricultura e na gandeiría, os cambios radicais nos usos do solo, o abandono das formas de produción tradicionais e pouco lesivas co medio a prol doutras máis acordes co sistema económico chamado neoliberal (que propugna como mantra medrar indefinidamente a custos recursos que son limitados *per se*), as nefastas formas de proceder ás concentracións parcelarias ignorando o patrimonio natural que todos temos dereito a desfrutar... atopámonos cunha paisaxe que pouco ten que ver ca ancestral e orixinal do país: malia que segue a ser a nosa paisaxe, única e irrepetible, ca historia gravada a xeito de cicatrices, na que agroman, de cando en vez, rexeneradas aquí e aló, zonas de carballeira nalgúns pasteiros alonxados (e abandonados) das aldeas, seguindo a súa evolución natural de matogueira a fraga: este pode ser o único dato positivo para a natureza estradense na entrada do biocida século XXI.

De aí que nos propoñamos a continuación uns obxectivos de índole xeral, que parten da consciencia da necesidade de coñecer (e preservar) a importancia dos recursos faunísticos que quedan na nosa contorna como potencial económico e patrimonial. E pasan por analizar os fenómenos que afectan aos ecosistemas e ás poboacións silvestres destes animais, adquirir nocións básicas sobre a lexislación vixente referida aos mesmos, indagar nalgúns aspectos da súa ecoloxía e bioloxía e buscar a inserción –intelixente e cómplice– de toda a sociedade na problemática da conservación da natureza. Desexando poder aplicar a tecnoloxía dispoñible e difundir as posibilidades destes recursos como producións alternativas no ámbito agropecuario en base a un desenvolvemento sostible que é, ademais, posible.

Que queda dos nosos ecosistemas?

Como vimos nas anteriores liñas, a paisaxe que ao presente nos rodea non é senón demacrada sombra dun ecosistema atlántico polo que camparon especies que hoxe se nos antollan exóticas.

Que sentido tería erguer alvarizas como as das veciñas parroquias de Forcarei, Aciveiro, Pereira, Presqueiras, Graba, Zobra, Parada, Vilatuxe e Doade ou as que no século XVIII aínda se citaban nos estradenses lugares de Montillón e Rabeáns dos Cabaleiros, senón protexer os trobos e o mel dos ataques dos osos? Eses mesmos osos (*Ursus arctos*) que merodearían nas beiras dos ríos á procura do salmón atlántico (*Salmo salar*), recurso explotado polos nosos devanceiros mediante pesqueiras ao longo do río Ulla desde Veá até Arnois moito antes da exaltación gastronómica de tintes noruegueses e chilenos ca que celebramos agora a súa case-extinción en estado salvaxe. Que sentido terían topónimos próximos como Cervaña, ao pé do monte San Sebastián, senón houberse veados (*Cervus elaphus*) pastando alí nalgún lonxano tempo, que foron tamén cazados polos nosos antepasados e dos que só queda a imaxe esvaída nalgún petróglifo? Acaso a nosa memoria conservaría lugares con nomes tan explícitos como Matalobos ou O Foxo de non ser pola caza institucionalizada desde o Medievo até o presente do lobo, que levou aparelhada incluso arquitecturas propias?



Alvariza na veciña parroquia de Santa María de Aciveiro

Cómpre lembrar como Taboada Chivite menciona que nas Cortes de Valladolid dos anos 1548 e 1563 se fixeron peticións denunciando que *en el Reino de Galicia hacían grandes estragos osos, lobos, jabalís y venados*. Nas mesmas datas o bacharel Olea afirmaba que en Galicia *Hay tantos osos e puercos bravos, que de noche guardan las viñas porque no se las coman*.

E nos *Libros de Residencias e Penas de Cámara da Xurisdicción de Vea* entre os anos 1593 e 1721 rexístranse novas sobre *correr y montear los lobos y venados de los Montes de dicha Jurisdicción a los sábados de cada semana y en especial en tiempo de Cuaresma como se estila en esta tierra y su contorno [...] juntándose para ello gente de las feligresías*.

Vemos pois que non hai nada novo baixo o sol, e que problemas similares aos actuais acometían aos homes daqueles tempos; ca diferenza de que hoxe contamos con medios preventivos e paliativos, e con posibilidades de compensacións rápidas, asumibles e posibles por parte das administracións.

En datas máis recentes proseguía o oso na nosa zona: velá a cita do *Diccionario* de Pascoal Madoz en 1845 no lugar de Portela da lalinense parroquia de Rodeiro; ou a observación do insigne naturalista Vítor López Seoane en 1848 en Santo André de Illobre, *a una legua de Santiago*, no concello de Vedra; ou a nova da morte dun cazador por un destes plantígrados no Seixo, xunto ao río Ulla, en outubro

de 1883: claramente debían abundar até non fai demasiado tempo na serra do Faro e –por descontado– no húmido val de Oseira, desde onde percorrerían os montes da Magdalena, Testeiro, Candán e Suído, explicando así as mencións nos arredores de Compostela no século XIX.

E se a presenza do oso non nos parece singular, podemoslle engadir a do que na actualidade se considera –de forma tan mediática como errada– o felino máis ameazado (e subvencionado) do planeta. Porque o lince ibérico (*Lynx pardinus*) habitaba Galicia moito antes de que en 2015 *Kentaro*, un lince “de cortello” criado en cativeiro e liberado nos Montes de Toledo, completase un percorrido de 2410 kilómetros chegando a Verín e levando consigo un dispositivo GPS que constatou tal fazaña: curiosamente trátase da mesma zona do noso país na que o ubicaban as citas del referidas por frei Martiño Sarmiento no século XVIII baixo os nomes de *lobo cerval*, *gatón* ou *tigre*. Aínda que non está claro se estes termos farían alusión ao seu parente de maior tamaño: o lince boreal ou euroasiático (*Lynx lynx*), que mercé a recentes estudos sabemos que tamén residía en Galicia cando menos até comezos do século XX. Así pois, contabamos non con unha, senón con dúas das especies de carnívoros máis emblemáticas da fauna europea.

Hai que mencionar aquí o avistamento dun lince que en setembro de 1985 fixo o biólogo estadounidense T. Clevenger cando participaba nuns traballos de campo preto do castelo de Doiras, nos Ancares: nun emprazamento cercano ao que en 1967 atopara un exemplar morto. Teñamos presente que até 1980 esta especie chegaba na súa distribución ao norte da provincia de Zamora.

E cinguíndonos á nosa comarca, López Seoane cita a presenza de linces a mediados do século XIX na serra do Caurel, Vilalba, Lalín e nos montes da parroquia estradense de San Pedro de Orazo.

A competencia polos recursos destes mamíferos con nós propiciou o exterminio ao que foron sometidos moitos deles: cas denominadas *xuntas de extinción*, co emprego de veneno, cepos, lazos, foxos, lumes, alimañeiros profesionais, recompensas, políticas cinexéticas tendentes a defender e promocionar intereses espúreos ou lúdicos de minorías elitistas... Especies que a día de hoxe, paradoxalmente,



O duque de Tarifa cun exemplar de lince ibérico (*Lynx pardinus*) cazado en Doñana en 1920.

son obxecto de proxectos de recuperación millonarios executados con fondos públicos: o caso do lince é paradigmático, aínda que lle deberíamos sumar os do íbice (*Capra pyrenaica*), da pita do monte (*Tetrao urogallus*), da águia imperial (*Aquila adalberti*), da malvasía (*Oxyura leucocephala*), do visón europeo (*Mustela lutreola*)... até máis de 150, incluíndo a auganeira ou furapresas (*Galemys pyrenaicus*) e o mexilón de río (*Margaritifera margaritifera*), dúas especies que aínda contan con efectivos nas concas estradenses do Ulla e do Umia.

Actualmente só quedan no noso concello unhas migallas de natureza que pola súa vulnerabilidade e fragilidade mereceron a administrativa (e polo tanto pouco útil) denominación de *áreas de interese ambiental*: a ribeira fluvial do Ulla, a chamada fouce de Gundián, a carballeira insular de Arnois, a fraga mixta de Bumio-Couso, a fraga de Santeles, o barranco de Pina, o picho de Curantes, as brañas de Xestoso, os montes abertos de Pardemarín e Vinseiro, as carballeiras e soutos de Cortegada, Golgariz, A Grela, Nigoí, Olives e A Somoza, a ribeira fluvial do Umia e o piornado de Enviande. Dúas delas (as brañas de Xestoso e o pomposamente denominado sistema fluvial Ulla-Deza) contan con figuras de protección mediante a declaración de ZEPVNs (*Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais*) polo Decreto 72/2004 da Xunta de Galicia e LICs (*Lugares de Importancia Comunitaria*) e a súa inclusión nunha figura europea de *ficción medioambiental* no noso país denominada *Rede Natura 2000*; que non foi obstáculo para a implantación (e ampliación) dun parque eólico na primeira e de deshonestas actuacións de acondicionamento de accesos que implicaron talas de frondosas, queimas e desbroces reiterados fóra de tempo e lugar no segundo... Por non mentar as xa históricas instalacións hidroeléctricas cas súas presas e as dificultades que supoñen para o remonte –e a baixada– do salmón, a lamprea (*Petromyzon marinus*), a anguía (*Anguilla anguilla*), a saboga (*Alosa fallax*), o reo (*Salmo trutta subsp. trutta*) e outras especies migratorias ao longo do Ulla.

Sería imperioso dunha vez por todas aplicar plans específicos –e draconianos– para a conservación destes ecosistemas sempre marxidados e dos que estamos a quedar sen sequera mostras.

Recursos faunísticos (aínda non extintos) destacables

Mamíferos

Eliminados os osos das nosas ribeiras, a lontra (*Lutra lutra*) é agora o maior depredador nos cursos fluviaes estradenses. Non pola cantidade de peixes detraídos do medio, xa que a diferenza dos pescadores de cana as súas non son capturas deportivas superfluas, senón necesarias en tódolos aspectos: cómpre cavilar no feito de que os tramos de río

nos que vive son precisamente os que mellores troitas e salmóns teñen; e non é por casualidade. O mesmo acontece na zamorana Serra da Culebra, na que contan cos máis excelsos e cobizados exemplares de cervo da península Ibérica xunto ca mellor poboación de lobos, pois os labores selectivos que realizan os depredadores redundan sempre na mellora xenética e numérica das súas presas.

Malia non estar en perigo, na península Ibérica sufriu unha importante regresión desde mediados do século pasado, desaparecendo das zonas industrializadas e das de agricultura intensiva e quedando as principais poboacións circunscritas a Galicia, León e Asturias. Atínxenos, pois, parte da responsabilidade da súa conservación e da dos seus hábitats, pasando pola correcta xestión dun recurso tan importante como a auga doce que está moi lonxe de producirse.

Xa en terra firme, o outro gran mamífero capacitado para competir con nós é o perseguido lobo (*Canis lupus subsp. signatus*), considerado desde sempre o inimigo a bater pola súa condición de superdepredador e constituíndo para a mentalidade galega unha fonte inesgotable de medos atávicos, desde os chamados *lobos da xente* até o caso patolóxico de Manuel Blanco Romasanta.

No que moitos non reparan é en que este deostado animal atópanse na mesma problemática –por exemplo– que os gandeiros, formando un binomio máis unido do que poidera parecer: nunha situación eco-biolóxica anormal, sumido no desprezo, imbuído á forza nunha estrutura produtiva antinatural que xera un gran negocio, nun ecosistema que chega a tal extremo de penuria e mala xestión que nos vemos obrigados a seguir competindo con el en pleno século XXI, mentras implantamos razas foráneas de carne e leite, xa que a ordeación do medio ambiente sempre se fai en connivencia cos intereses das clases dominantes. E aínda así, o lobo e o gando complementáronse durante milenios nun proceso de mutua evolución nos montes galegos, cando non existía nada parecido aos procesos compensatorios, nunha economía de subsistencia. A proba está en que en ningún caso o descenso da cabana gandeira pode estar orixinado polos seus ataques: en 1973 contabilizábase a hoxe inalcanzable cifra de 20.000 cabalos en réxime de semiliberdade en Galicia, cando había un número de lobos tamén moito maior do actual.



Lontra (*Lutra lutra*) no río Ulla ao solpor.



Lobo (*Canis lupus subs. signatus*) e frisonas nunha frecuente estampa de convivencia co gando.

Estamos no momento de preguntar en voz alta canto custan os lobos ás arcas públicas. Tanto coma o sostemento de segundas (e até terceiras!) vicepresidencias de deputacións provinciais? Que imaxe ou credibilidade pode ter un país que non sabe preservar e convivir cas súas especies animais máis representativas? Acaso non chegou o día de ser xusto e non xusticieiro con este animal, logo de esquilmar o seu entorno, cazar por simple diversión a súa comida, clausurar os vertedoiros nos que lle obrigamos a procurar lixo para alimentarse nas últimas décadas e meter o noso gando no seu monte para transformalo nunha granxa? Somos máis ou menos civilizados que os pastores da tribo masai, que poden compartir cos grandes depredadores africanos as súas terras e o seu gando e aínda obter ingresos mediante un turismo ben plantexado? Veñen aquí a colación de novo poboacións zamoranas como Villardeciervos, nas que a observación de lobos é unha prezada ferramenta de desenvolvemento económico, xerando máis ingresos que a caza: en 2012 foron 450.000 euros os que deixaron os visitantes desa rexión que acodiron co obxectivo específico de ver lobos en liberdade en concepto de pernoitas e gasto gastronómico. Os ingresos derivados da caza en toda a zona da Serra da Culebra foron só duns 50.000 euros no mesmo período de tempo.

O lobo é patrimonio de todos, e todos nos debemos responsabilizar dos danos ocasionados de forma solidaria. Do mesmo xeito que todos subvencionamos o gasóleo agrícola ou as axudas públicas necesarias cando as colleitas fracasan, aínda traballando noutros sectores non deficitarios. Atenta este animal contra os intereses dos gandeiros, certo... ao igual que moitas disposicións políticas tomadas fóra das nosas fronteiras que son notoriamente máis lesivas para a economía (incluso na súa elaboración ou redacción administrativa) que soste os danos do lobo ca dignidade e celeridade debidas. O seu porvir depende máis da opinión e coñemento que deles se teña que da súa bioloxía: ese é o camiño, e non demonízalo entre os sectores pecuarios e a opinión pública como veñen facendo desde hai anos moitos medios informativos (por certo, tamén deficitarios e sostidos con cartos públicos).

O tamaño da nosa ignorancia é tal que, despois de milenios de loita, en realidade non sabemos moito del, comenzando polo máis



Lebre de piornal (*Lepus castroviejo*).

básico: cantos hai. Logo dos (poucos) censos efectuados (ou subcontratados) cunha metodoloxía anticuada e cuestionable, temos unha escandalosa situación que impide coñecer a súa dinámica po-boacional e, polo tanto, a realización dun plan viable de xestión. En Galicia estímense en menos de 300 os exemplares que quedan deste cánido, o que nos coloca, xunto á comunidade de Castela-León, nos primeiros postos... en número de lobos e en compromiso na súa conservación. Máxime considerando que co seu declive e o correspondente desequilibrio ecolóxico xenerado córrese o risco de multiplicación dalgúñas especies de forma desmedida, coma o xabarín (*Sus scrofa*), que se encontran sen inimigos naturais especializados.

Outro animal merecedor pola súa singularidade dunhas liñas neste relatorio faunístico estradense é a lebre (*Lepus castroviejo*), endemismo circunscrito ás chairas e pasteiros de zonas altas da Cordilleira Cantábrica, onde ocupa unha franxa de pouco máis de 200 kilómetros de longo e 40 de ancho. É unha das últimas especies de mamíferos en ser descritas: no 1976, por F. Palacios, quen adicou o achádego ao doutor Xabier Castroviejo, autor da primeira publica-



Morcego de ferradura pequeno (*Rinolophus hipposideros*).

ción que fixo referencia ás características únicas das lebres do norte peninsular.

De xeito inexplicable, malia a carencia de estudos sobre ela e pese a descoñecerse –como non– os seus efectivos e estado poboacional, segue a ser obxecto de caza. Restan escasos grupos de lebres illados nas partes máis elevadas do concello, merecedores de tanta protección se lles poida outorgar.

Menos vistosos que os anteriores mamíferos, a pesares de constituír un tesouro para a zona, está o colectivo de morcegos que se



Morcego de ferradura grande (*Rinolophus ferrumequinum*).

aproveitan do refuxio ofrecido polos –cada vez menos– muíños de río conservados en estado digno na Estrada. Aínda que o elenco destes animais está moi ben representado entre nós con case vinte especies, destacan do conxunto os morcegos de ferradura grande (*Rinolophus ferrumequinum*) e de ferradura pequeno (*Rinolophus hipposideros*), moi similares aínda que de distinto tamaño: deste último ameazado quiróptero conta(ba)mos cunha das mellores poboacións europeas. As súas principais ameazas son a perda de refuxios (restauracións e remodelacións inaxeitadas para eles de muíños e vi-

vendas e clausura e derrube de minas que suplen aos seus hábitats cavernícolas naturais) e as molestias, ás que son extremadamente sensibles. Tamén o emprego de pesticidas e herbicidas constitúe acuciante problema para estes animais, que poden consumir a diario unha cuarta parte do seu peso en insectos, facendo mellor labor que calquera produto fitosanitario de síntese.

Encomiables son actuacións locais a prol deles como a levada a cabo polo veciño concello de Silleda en unión ca Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT), establecendo medidas de conservación –e coñecemento– dos morcegos de ferradura pequenos que se refuxian no mosteiro de Carboeiro. ¿Non sería mesmo posible implementar roteiros naturais por ríos e muíños con aplicacións informáticas que ofertasen a posibilidade innovadora de acceder en liña á vida íntima destes mamíferos mediante cámaras colocadas nos seus refuxios sen perturbalos?

Aves

Sorprenderanse moitos da presenza de especies de aves común –erradamente– denominadas esteparias en terras estradenses. Tal é o caso da avetarda (*Otis tarda*), que procura refuxios de dispersión postnupcial estivais nas brañas e herbeiras das zonas do concello limítrofes cos de Forcarei e Silleda. Trátase da ave voadora máis pesada que existe, chegando algúns exemplares aos 20 kilogramos.

Comparte hábitat co sisón (*Tetrax tetrax*), outra especie da mesma familia e menor tamaño (menos dun kilogramo) que tiña entre nós un dos seus puntos máis septentrionais de nidificación, no LIC das brañas de Xestoso. Por desgraza as reiteradas agresións e a deficiente xestión ambiental ca que conta este espazo fixo que desaparecese del fai uns anos, e hoxe só quedan en Galicia algunhas parellas reprodutoras na Limia e na Terra Cha. SEO/Birdlife acaba de designar a este paxaro ave do ano, xa que o seu número reducíuse á metade na última década, achegándose perigosamente á extinción. Declive que afecta a outras aves de similares hábitats coma o paspallás (*Coturnix coturnix*), a escribenta real (*Emberiza citrinella*), a rapiña cincenta (*Circus pygargus*), a gatafornela (*Circus cyaneus*)



Avetarda (*Otis tarda*).



Sisón (*Tetrax tetrax*).



Rapiña cincenta (*Circus pygargus*)

ou a curuxa das xunqueiras (*Asio flammeus*) das que aínda contamos con boa representación numérica e nidificante que nos fai albergar esperanzas no retorno do sisón algún día ás terras estradenses.

Tamén crían no concello varias especies senlleiras de aves rapaces europeas incluídas no Libro Vermello das Aves de España: o falcón pelegrín (*Falco peregrinus*), o miñado abelleiro (*Pernis apivorus*) e a águia cobreira (*Circaetus gallicus*) son algunhas delas; ás que se sumaba anos atrás a rapiña arpella ou tartaraña das xunqueiras (*Circus aeruginosus*), que hoxe só aparece de forma esporádica nas derradeiras brañas que quedan sen desecar e transformar en pasteiros.

Á vista destes recursos, bótanse en falta proxectos para os denominados *hábitats prioritarios para a Unión Europea* do noso concello do tipo do LIFE 08 NAT/E/000068 de conservación e xestión de zonas de especial protección para as aves esteparias en Andalucía, dotado con case 9 millóns de euros, sufragado (como non) pola Unión Europea e destinado a mellorar a situación destes animais e dos seus



Curuxa das xunqueiras (*Asio flammeus*)

hábitats, ca implicación dos propietarios de explotacións agrarias, facilitando a creación de iniciativas de turismo da natureza e compatibilizando o manexo dos cultivos ca conservación destas especies dun xeito economicamente rentable para os veciños. Ou iniciativas como as que hai en múltiples zonas das provincias Cáceres, Toledo, Soria... de alugueiro de postos para a observación de aves con prezos que oscilan entre os 100 e 200 euros por día e persoa e que revirten nos donos das parcelas onde se instalan (ademais de redundar en beneficio colateral para a hostelería).



Falcón pelegrín (*Falco peregrinus*).



Miñato abelleiro (*Pernis apivorus*)

Anfibios e réptiles

Contamos na herpetofauna do concello con trece das catorce especies de anfibios de Galicia, dos que prestaremos atención a endemismos como a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), ben representado, xunto aos pintafontes común (*Lissotriton boscai*), palmeado (*Lissotriton helveticus*) e verde (*Triturus marmoratus*). Ademais da estroza ou ra de Santo Antón (*Hyla molleri*), a ra vermella (*Rana temporaria*), a ra patilonga (*Rana iberica*), o sapiño corriqueiro (*Epidalea calamita*), o sapiño raxado (*Discoglossus galganoi*), o sapiño comadrón (*Alytes obstetricans*)... todos eles dotados dun inestimable valor como indicadores medioambientais e cun futuro moi dependente da xestión que se faga dos redutos que habitan.

Do denostado colectivo dos réptiles, hai que ter en conta á víbora galega (*Vipera seoanei*), ben representada na nosa contorna e que, malia a súa potencial perigosidade, constitúe outro endemismo do norte e noroeste da Península Ibérica.



Saramaganta (*Chioglossa lusitanica*).



Pintafontes palmeado (*Lissotriturus helveticus*).



Víbora galega (*Vipera seoanei*).



Ra de Santo Antón (*Hyla molleri*)



Caracol de Quimper (*Elona quimperiana*).

Gasterópodos

De seguro descoñecido para a maioría, o caracol de Quimper (*Elona quimperiana*) é o único representante europeo da súa familia, habitante de zonas caducifolias e húmidas ben conservadas da Cornisa Cantábrica e da Bretaña Francesa, separadas por case 500 kilómetros. O seu nome procede da cidade gala de Quimper, onde foron identificados os primeiros espécimes en 1817 e a separación das súas dúas áreas de distribución poidera deberse á extinción das poboacións intermedias durante algún dos períodos glaciais.

Considerado en perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, atópase protexido en España e Francia, formando parte do anexo II do Convenio de Berna e dos anexos II e IV da Directiva Hábitats da Unión Europea. A súa conservación pasa pola protección do seu hábitat e requirimentos ecolóxicos, tendo diminuído os seus efectivos a causa das repoboacións forestais con especies alóctonas e das “postas en valor” de determinadas zonas a prol dun turismo de natureza mal comprendido.

Insectos

A clase dos insectos é o grupo animal máis numeroso do planeta, e presenta importantes diferenzas cos vertebrados no tocante á elaboración de listaxes: a súa diversidade é tan grande que o inventario e descrición de tódalas especies está lonxe de completarse, sendo moitas delas insuficientemente coñecidas. Polo que cada ano aparecen novas especies... ao tempo que desaparecen outras sen que teñamos tempo a coñecelas. E en Galicia o atraso no estudo e conservación da fauna entomolóxica é maior que noutras partes do Estado como Cataluña, Euskadi ou o Levante español. E, por suposto, moi alonxado de iniciativas como a do Parlamento de Baviera de 1835 para protexer a bolboreta *Parnassius apollo*, que até fai pouco conservamos por completo orfa de toda atención nos Ancares, mentras tomabamos por desvaríos as recomendacións de especialistas europeos que, 180 anos despois, nos falaban de manipular artificialmente os seus biotopos e mesmo de criala en cativeiro.

O máis sobranceiro destes animais co que temos a fortuna de convivir é a denominada en galego –con non moito acerto– esmeralda espléndida (*Macromia splendens*), libélula que remonta a súa xenea ao tempo dos dinosaurios. Varios tramos das ribeiras estradenses do Ulla sosteñen boas poboacións desta xoia estritamente protexida en toda Europa e declarada en perigo de extinción nos Catálogos Galego e Español de especies ameazadas.

A ela podemos sumar outras especies de libélulas de menor porte e de libeliñas, como a denominada esmeralda de Curtis (*Oxygastra curtisii*), o candil similar (*Gomphus simillimus*) ou a donceliña de Mercurio (*Coenagrion mercuriale*), que figuran nos anexos II e/ou IV da Directiva Hábitats e na listaxe da UICN ca consideración de case ameazadas.

Máis popular e coñecida seguramente será a vacaloura (*Lucanus cervus*), endemismo ibérico que figura tamén no anexo II da tan carexada Directiva Hábitats. As súas larvas e ninfas viven en troncos vellos e apodrecidos de árbores caducifolias, ao igual que outros coleópteros en regresión como *Cerambyx cerdo*. Todos son animais vencellados ás carballeiras ben conservadas e sen manipular, polo



Exemplar macho de esmeralda espléndida (*Macromia splendens*).



Exemplar femia de esmeralda espléndida (*Macromia splendens*) pendurada dun carballo.



Cópula de esmeralda de Curtis (*Oxygastra curtisii*).



Exemplar macho de esmeralda de Curtis (*Oxygastra curtisii*)



Exemplar macho de vacaloura (*Lucanus cervus*).

que calquera actuación nelas debería estar supervisada e regulamentada a conciencia.

Do máis de medio cento de bolboretas diurnas contabilizables nas terras do concello, mencionaremos a *Euphydryas aurinia*, incluída nas lexislacións española e europea e no Convenio de Berna (onde é descrita como unha especie animal de interese comunitario para a preservación da cal é necesario designar zonas especiais de conservación) e que por fortuna aínda é doada de ver nos pasteiros primaverais cando anda á procura da súa planta nutricia: a herba salgueira ou chuchamel (*Lonicera periclymenum*). O eido das bolboretas nocturnas aínda é un universo por descubrir...



Bolboreta *Euphydryas aurinia*.

Recursos a aproveitar ou a extinguir?

A razón de que o título deste traballo faga referencia á fauna como a un recurso máis ao noso servizo débese a que a vella aspiración de comer tódolos días deixou paso a desexos máis civilizados e cómodos no home, empeñado agora no moderno “monte de piedade” da civilización occidental, con plataforma de desenvolvemento na publicidade: acadamos por fin a utopía do capitalismo e todo valor de uso posúe o seu correspondente valor de cambio, sen que existan bens libres asequibles; somentes produtos e mercancías. Nuns tempos nos que o expolio que levamos executado sobre os ecosistemas nos sitúa ao límite da catástrofe, sabendo que os grupos humanos están condicionados pola contía e calidade dos bens naturais aos que teñen acceso, consideran moitos que hai fauna que non pode –ou non debe– existir se non é mercantilizable e non xenera ganancias tanxibles ao prazo máis curto posible.

Até hoxe case a única forma de rentabilizar os recursos faunísticos foi a explotación dos mesmos mediante a domesticación e a caza de certas especies. A elección no paleolítico era doada: cazar ou morrer. Mais o cazador xa non é unha peza do equilibrio ecolóxico, rachado hai moitos anos.

Na tesitura actual, e tendo en conta as posibilidades xeneradas pola anterior escolma de especies e manifestacións culturais relacionadas con elas (foxos, alvarizas, pesqueiras, curros, chouzos ou mesmo unha boa colección de muíños de río), o estado no que están os ecosistemas que nos rodean, as novas formas de alteración medioambiental (o efecto invernadoiro, o cambio climático, o esgotamento de acuíferos e pesquerías, a acidificación das augas mariñas...), o descenso da biodiversidade (atopámonos no medio do maior exterminio animal dos últimos 65 millóns de anos), a crise xeneralizada na que se desenvolven as actividades económicas da maioría da poboación, a necesidade de innovación nas mesmas, a perentoria situación do rural, o aumento do ecoturismo que contempla roteiros pola riqueza faunística, florística, xeomorfolóxica, interpretativa e divulgativa do medio natural, a existencia de proxectos coma os LIFE-NAT e de fondos FEDER, FSE, FEADER e FEMP fornecedores potenciais de recursos económicos até o 2020... é imposible continuar a explotar a fauna con procedementos tan básicos, pauperizadores e contraproducentes como a caza, cas súas consecuencias no tocante á conservación da biodiversidade: é inxustificable que menos do 2% da poboación que a practica condicione as actividades deportivas e lúdicas ao aire libre que demanda máis do 70% do resto dos habitantes (que non sosteñen por diversión accións perigosas no medio nin restrinxen dereitos básicos como a libre circulación e tránsito por terreos públicos).

A caza é unha sinxela actividade económica máis, consentida por un *lobby* imbricado na sociedade e na política, pero que non é ferramenta de conservación nin de xestión de ningunha especie nin ten os rendementos doutras formas de aproveitar os recursos faunísticos. Debemos desbotar a súa imaxe “verde” ou “conservacionista”. Pola súa causa o cadáver dunha das derradeiras pitas do monte galegas esmorece taxidermizado no refuxio de caza de Ancares logo de que fora abatida por un político que –como ela– sobrevivira ao fran-

quismo. A cabra do Xurés pasou ao museo de cera das especies que os nosos descendentes non verán nunca tamén mercé a actividade cinexética. A desaparición dos osos de Cervantes, a pesares dunha sarcástica e tardía veda en 1967, voltou a vestir de loito os montes galegos por causa da caza... E se ás ventas dalgún chegou un fedor molesto a ecoloxismo, cómpre decir que ecoloxistas, “ornitófilos”, “paxareiros”, ciclistas, buscadores de cogumelos, paseantes hipercolesterolémicos e demais fauna inocua, a diferenza dos cazadores, non saen ao monte ca intención (aínda inconsciente) de privar a ninguén da contemplación dun animal nin a este da vida: as súas protestas e argumentos sempre merecerán maior credibilidade que as de quen pretende sustraer da natureza algún ben para o seu único lucro e satisfacción. E de considerar necesarios controis poboacionais de especies silvestres, deberían efectualos técnicos medioambientais capacitados das distintas Administracións Públicas.

Obviamente non podemos facer un exercicio de reduccionismo e criminalizar á caza culpándoa de tódolos males, incluída a morte de Manolete. A pouco que levantásemos cabeza veríamos a proliferación de aeroxeneradores en canto monte nos rodea (ca aquiescencia da Administración, os aplausos cas orellas de inversores estranxeiros e a inexplicable subida das tarifas enerxéticas para os veciños). E non precisamos viaxar moito para observar que os mesmos perpetradores poderían ser reos de ter transformado o único sistema dulceacuícola do litoral pontevedrés (as Gándaras de Budiño) nun vertedoiro industrial. Logo de que mediante a lei Cambó se desecase a lagoa de Antela e o IRYDA fixese o propio co mar interior de Cospeito nun exercicio de socialización de custos e privatización de beneficios, dando ademais entrada libre en Galicia a procesos industriais contaminantes repudiados polas sociedades opulentas de Europa: papeleiras, plantas regasificadoras, de obtención de aluminio a partir da bauxita, refinerías... Mostra dun auténtico imperialismo ecolóxico ignorante de que toda utilización de recursos naturais debe asegurar o mantemento dos recursos produtivos, ecolóxicos e paisaxísticos da comunidade; e daqueles todos que, a pesares da súa aparencia non produtiva (a priori), contribúan á calidade medioambiental á que temos dereito.



Interior de muíño con exemplares de morcego de ferradura pequeno (*Rinolophus hipposideros*)

Considerando as cada vez máis escasas –e potencialmente ricas– zonas do noso concello (as hidromorfias de monte alto e as de frondosas autóctonas: brañas e carballeiras), unido ao valor das fragas como axente dinamizador do turismo, o deseño da estratexia debe levarnos a un obxectivo –a medio ou longo prazo– de poder dispoñer dunha cuberta forestal capaz de fornecer de madeiras de calidade a un sector industrial diversificado, que non teña como cumio a produción de pasta de papel e que sexa quen de multiplicar o valor inicial da materia prima, ao tempo que constitúa fonte de ingresos

multifuncional no marco dunha nova filosofía forestal (a imitación, por exemplo da preponderante en países como Alemaña, Suíza ou Noruega) que redunde na nosa conciencia e identidade colectivas mediante o valor cultural e emocional do medio natural, da paixaxe e dos animais salvaxes.

A posta en práctica de alternativas ecoturísticas que orbiten arredor da fauna parece unha vía coherente de futuro: máis cando empresas de todo o mundo fixeron a súa enseña de conceptos como ecoeficiencia ou sostibilidade. Vimos de erguer unha economía sobre tendencias que non poden manterse durante outro século: a redución do tamaño, a diversificación e a descentralización poden ser (deben ser) as principais características dos procesos mercantís deste século. Deberemos facer o mesmo ca enerxía: xeneralala a pequena escala e de forma descentralizada. Sen preocuparnos polo pequeno tamaño, que superaremos ca vantaxe da enorme singularidade do produto, a optimización do aproveitamento, a salvagarda da paisaxe, o mantemento das bases de vida naturais... debendo restrinxir en certas zonas todo tipo de medidas de explotación.

Fontes arquivísticas

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Fondo Xeral. *Libro primeiro de Residencias e Penas de Cámara dos anos de 1593 e 1721*.

Bibliografía

- ALONSO, J. C.; PALACÍN, C. e MARTÍN, C. A. (eds.). *La Avutarda Común en la Península Ibérica: población actual y método de censo*. Madrid, 2005.
- BÁRCENA, F., DOMÍNGUEZ, J. e VILLARINO, A. *El sisón (Tetrax tetrax) en Galicia*. En: *Actas del I Congreso Internacional de Aves esteparias*. León, 1987.
- BAUER, G. *The status of the Freshwater Pearl Mussel Margaritifera margaritifera L. in the South of its European range*. En: *Biological Conservation*, 38, 1986.
- BELLOT, F., CASASECA, B. e CASTROVIEJO, S. *Vegetación y Mapa de Vegetación de la provincia de la Pontevedra*. En: B. Sánchez (ed.). *Estudio Agrobiológico de la Provincia de la provincia de Pontevedra*. Pontevedra, 1986.
- CASTILLEJO, J. *Caracoles terrestres de Galicia. Familia Helicidae (Gastropoda, Pulmonata)*. Santiago de Compostela, 1986.
- DIJKSTRA, K. D. B. (ed.). *Guía de campo de las libélulas de España y de Europa*. Barcelona, 2014.

- FERNÁNDEZ de CÓRDOBA, F. de P. *Algo sobre el oso, y su presencia en Galicia*. En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XIX, 1964.
- FERNÁNDEZ, R., CARRO, F. e MORAÑA, A. *Inventario de los refugios importantes para los quirópteros en Galicia*. Informe inédito. Santiago de Compostela, 1992.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. *El primer Vocabulario Gallego y su colector, el Bachiller Olea*. En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, VIII, 1947.
- GALÁN, P. e FERNÁNDEZ, G. *Anfibios e réptiles de Galicia*. Vigo, 1993.
- GRANDE del BRÍO, R. *El lobo ibérico. Biología y mitología*. Madrid, 1984.
- GUIZIÁN RIVERA, L. *La destrucción del bosque en Galicia*. En: *Semata*, 13, 2001.
- IZCO, J. *Galicia*. En: M. Peinado Lorca e S. Rivas Martínez (eds.). *Vegetación de España*. Alcalá de Henares, 1987.
- LÓPEZ FERREIRO, A. *Fueros Municipales de Santiago y de su Tierra*. Santiago de Compostela, 1895.
- LÓPEZ SEOANE, V. *Fauna Mastológica de Galicia ó Historia natural de los Mamíferos de este antiguo reino...*. Santiago de Compostela, 1861.
- MADROÑO, A., GONZÁLEZ, C. e ATIENZA, J. C. (eds.). *Libro Rojo de las Aves de España*. Madrid, 2004.
- MADOZ, Pascual. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid, 1846-1850.
- MARGALEF, R. *Ecología*. Barcelona, 1974.
- PALACIOS, F. *Descripción de una nueva especie de liebre (*Lepus castroviejoi*), endémica de la Cordillera Cantábrica*. En: *Doñana, Acta Vertebrata*, 32(2), 1976.
- PÉREZ MOREIRA, R. *Ecología forestal e ordeación do bosque*. A Coruña, 1992.
- PLEGUEZUELOS, J. M., MÁRQUEZ, R. e LIZANA, M. (eds.). *Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España*. Madrid, 2002.
- PURROY, F. J., CLEVINGER, A. P., COSTA, L. e SÁENZ de BURUAGA, M. *Demografía de los grandes mamíferos (jabalí, corzo, ciervo, lobo y oso) de la Reserva Nacional de Caza de Riaño: análisis de la depredación e incidencia en la ganadería*. En *Congreso de Biología Ambiental (II Congreso Mundial Vasco)*. Bilbao, 1988.
- RODRÍGUEZ, A., DELIBES, M. *El lince ibérico en España. Distribución y problemas de conservación*. Madrid, 1990.
- SANTAMARINA, J. *Introducción al estudio de las comunidades de vertebrados de los ríos de Galicia: el ejemplo de la cuenca del Ulla*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela, 1991.
- SOBRADO CORREA, H.: *Los enemigos del campesino. La lucha contra el lobo y otras "alimañas" nocivas para la agricultura en la Galicia de la Edad Moderna*. En: *Obradoiro de Historia Moderna*, 12, 2003.
- Sociedade Galega de Historia Natural. *Atlas dos anfibios e réptiles de Galicia*. Santiago de Compostela, 2011.
- TABOADA CHIVITE, X. *Montería y corrida de lobos en Galicia*. En: *Boletín Auriense*, 1, 1971.

- VV.AA. *Bases ecológicas preliminares para la conservación de las especies de interés comunitario en España: Invertebrados*. Madrid, 2012.
- VÁZQUEZ PUMARIÑO, X. *El lobo en Galicia. Las pasiones y las razones*. En: *Veredas*, 5. s. l., 2001.
- WARREN, M. S., MUNGUIRA, M. L. e FERRÍN, J. *Notes on the distribution, habitats and conservation of *Euphydryas aurinia* (Rottemburg) (Lepidoptera: Nymphalidae) in Spain*. En: *Entomologist's Gazette*, 45, 1994.